

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 27/04/2023

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes:

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

MARIA BERMUDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/04/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, extraordinaria e urxente de data 24 de marzo de 2023 e ordinaria de data 30 de marzo de 2023.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2023.

3. Toma de coñecemento das subvencións concedidas ao Concello pola Deputación Provincial para a realización de actividades culturais, sociais e deportivas - Plan Concellos 2023 - Liña 2.

4. Aprobación, se procede, das declaracións de bens patrimoniais, actividades e posibles incompatibilidades, que deben formular os membros da Corporación, con motivo da toma de posesión, variación e cese

5. Aprobación, se procede, da declaración das obras de Reposición de tella na cuberta do Convento de Vista Alegre, como de especial interese, a efectos da bonificación do ICIO

6. Aprobación, se procede, da declaración das obras de Rehabilitación de fachadas e terrazas na Residencia Divina Pastora. Fase 3, como de especial interese, a efectos da bonificación do ICIO

7. Aprobación, se procede, da declaración das obras de Rehabilitación de fachadas e terrazas na Residencia Divina Pastora. Fase 4, como de especial interese, a efectos da bonificación do ICIO

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre resposta a preguntas formuladas por tódolos grupos da Corporación Municipal

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a recuperación da toponimia tradicional e a implementación dun plan de mellora da sinalización en parroquias e lugares de interese no rural.

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES,



EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA 24 DE MARZO DE 2023 E ORDINARIA DE DATA 30 DE MARZO DE 2023.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21), as actas das sesións anteriores, extraordinaria e urxente de 24 de marzo e ordinaria de 30 de marzo de 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2023: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

2 Aprobación pago taxas a Augas de Galicia

1 Retrotraer actuacións a data sinatura memoria

1 Expediente de transferencia de crédito

1 Expediente de transferencia de capital

8 Expediente de xeración de crédito por concesión de subvención

5 Expediente de modificación de crédito por incorporación de remanentes

4 Aprobación certificación de obra

1 Remisión de expediente a letrados UTE

4 Concesión licenza animais potencialmente perigosos

2 Baixas padron de habitantes por inscrición indebida

7 Resolución primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico

2 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna

1 Nomeamento substitución baixa IT

2 Delegación funcións da Alcaldía

5 Gratificación substitución posto de categoría superior

2 Pagamento Plan de Pensións

1 Substitución Interventora Municipal

1 Substitución Tesoureira Municipal

1 Aboamento taxa publicación BOP

3 Recurso Contencioso administrativo responsabilidade patrimonial

1 Estimación dilixencia de embargo

1 Estimación pagos indebidos

1 Estimación fallidos

1 Estimación IBI

1 Estimación rateo no IVTM

4 Estimación/desestimación ICIO

1 Estimación Beneficios Fiscais IAE



4 Estimación Recibos
17 Estimación/desestimación liquidacións e baixas
6 Estimación/desestimación compensación de débedas
2 Estimación bonificación no IBI
1 Estimación cambio de xestión ben inmovible
4 Estimación IBI
3 Estimación IVTM
2 Estimación/desestimación fraccionamento
16 Estimación/desestimación pagos duplicados
18 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IVTM
46 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos
18 Estimación/desestimación IIVTNU
3 Pago de expediente Intervención
2 Pago de expediente Tesourería
2 Aboamento préstamos bancarios
18 Ordenes de pago
3 Recoñecemento de obriga
6 Pagos comisións bancarias
7 Comunicación cambio de titularidade de actividades
1 Licenza de actividade para establecemento
1 Archivo de expediente de comunicación de cambio de titularidade
15 Deber de conservación
3 Orde de execución limpeza de malezas
3 Reposición da legalidade urbanística
3 Expediente sancionador urbanismo
1 Licenza para instalación de terraza establecemento de hostalería
1 Renuncia a licenza de obra outorgada
1 Conformidade a proxecto de execución
2 Prórroga comunicación previa obras
1 Archivo de comunicación previa obras
3 Licenza de obra maior
1 Cambio de uso local a vivenda
3 Desistimento da comunicación previa
1 Licenza de segregación a efectos de cesión
4 Legalización de obras
33 Comunicación previa obras
10 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida de auga e/ou saneamento
1 Inclusión de edificio no catalogo de patrimonio cultural de galicia
11 Licenza de obra menor

TOTAL: 341

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=2>



Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO CONCELLO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2023 (LIÑA 2): Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 10 de marzo de 2023 pola que se conceden as seguintes subvencións ao Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco da liña 2 do Plan Concellos, seguintes:

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Achéga do Concello Vilagarcía	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención	Data de Concesión da Subvención
Conservatorio profesional de música para o ano 2023(limpeza e enerxía)	2	19.000,00 €	18.181,00 €	819,00	30/01/2023	X.G. 10/03/2023
VI Festival Internacional de música ClasClas	2	30.500,00	30.000,00	500,00	30/01/2023	X.G. 10/03/2023
Limpeza da Escola Música Municipal	2	10.000,00	9.500,00	500,00	30/01/2023	X.G. 10/03/2023
Proxecto de Estimulación cognitiva e Psicomotriz	2	11.286,00	7.181,00	4.105,00	23/01/2023	X.G. 10/03/2023
Prevenición da Adición ao Xogo de apostas	2	3.097,60	3.000,00	97,60	23/01/2023	X.G. 10/03/2023
Proxecto Empatiza	2	8.929,80	5.000,00	3.929,80	23/01/2023	X.G. 10/03/2023
Proxecto de Teatro Foro	2	5.130,40	3.000,00	2.130,40	23/01/2023	X.G. 10/03/2023
Programa para fomentar a igualdade de xénero	2	12.995,00	10.500,00	2.495,00	23/01/2023	X.G. 10/03/2023
Espectáculo Combate Naval	2	45.096,70	34.000,00	11.096,70	30/01/2023	X.G. 10/03/2023
TOTAL		146.035,50	120.362,00	14.576,80		

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS DECLARACIÓNS DE BENS PATRIMONIAIS, ACTIVIDADES E POSIBLES INCOMPATIBILIDADES, QUE DEBEN FORMULAR OS MEMBROS DA CORPORACIÓN, CON MOTIVO DA TOMA DE POSESIÓN, VARIACIÓN E CESE: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta de proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O próximo día 28 de maio de 2023 celebraranse as Eleccións locais 2023, o que supón a finalización do mandato dos membros da corporación actuais do Concello o día 27 de maio, pero continuando en funcións para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus



sucesores, (art. 194 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral) (LOREG). Os artigos 42.3 e 194 da LOREG establecen que a duración do mandato corporativo é de 4 anos, contados a partir da data da súa elección, pero coa precisión de que estes mandatos acaban, en todo caso, o día anterior ao de celebración das eleccións seguintes.

A aprobación das últimas actas, do Pleno, da Xunta de Goberno Local, e do Consello Reitor da FPSDM terá lugar o 14 de xuño e o Pleno constitutivo da nova corporación (2023-2027) será o día 17 de xuño de 2023.

De acordo ao disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), os representantes locais, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao remate do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Tales declaración inscribíranse nos seguintes Rexistros de intereses, que terán carácter público:

1. A declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, inscribírase no Rexistro de Actividades constituído en cada Entidade Local.
2. A declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribírase no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade Local, nos termos que estableza o seu respectivo estatuto.

Con tal motivo preséntase ao Pleno o modelo de declaración de actividades e bens patrimoniais diferentes aos utilizados ata o de agora neste Concello. O cambio de formato das declaracións ten como finalidade unha asimilación aos utilizados nas cidades do entorno. As devanditas declaracións publicaranse integramente tal e como se presenten polos concelleiros e concelleiras na Sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), no apartado de transparencia.

As datas de presentación das citadas declaracións son as seguintes:

-No mes de maio de 2023 en relación coas concelleiras e concelleiros actuais con motivo do seu cese. (Data tope 26 de maio de 2023), neste caso, presentaranse unicamente se existen cambios con respecto da presentada no seu día (xuño de 2019).

-No mes de xuño de 2023 (data tope de 16 de xuño de 2023) en relación coas concelleiras e concelleiros que resulten elixidos nas urnas o día 28 de maio de 2023, estando prevista a proclamación de concelleiros/as electos/as pola Xunta Electoral de Zona entre os días 6 ao 14 de xuño.

A presentación, ao tratarse dunha declaración individual e persoal pode facerse telematicamente ou presencialmente no despacho da Secretaría, podendo obter os impresos na sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), no apartado de formularios de solicitudes (Secretaría).

Polo exposto,

Propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Aprobar os modelos que se achegan relativos ás declaracións de actividades e bens dos concelleiros e concelleiras da Corporación de Vilagarcía de Arousa, facendo constar que as citadas declaracións serán publicadas na sede electrónica municipal tal e como figuren presentadas e cubertas polas concelleiras e concelleiros, tanto con motivo do seu cese (si se producen cambios), como con motivo de variacións e da toma de posesión.

Vilagarcía de Arousa, 19 de abril de 2023.



O Alcalde-Presidente;
Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación dos modelos que se achegan relativos ás declaracións de actividades e bens dos concelleiros e concelleiras da Corporación de Vilagarcía de Arousa, facendo constar que as citadas declaracións serán publicadas na sede electrónica municipal tal e como figuren presentadas e cubertas polas concelleiras e concelleiros, tanto con motivo do seu cese (si se producen cambios), como con motivo da súa toma de posesión.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar os modelos relativos ás declaracións de actividades e bens dos concelleiros e concelleiras da Corporación de Vilagarcía de Arousa, facendo constar que as citadas declaracións serán publicadas na sede electrónica municipal tal e como figuren presentadas e cubertas polas concelleiras e concelleiros, tanto con motivo do seu cese (si se producen cambios), como con motivo de variacións e da toma de posesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DE TELLA NA CUBERTA DO CONVENTO DE VISTA ALEGRE, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DA BONIFICACIÓN DO ICIO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas do seguinte teor:

RENDAS/2021/000304

SOLICITUDE DE BONIFICACION NO ICIO

Antecedentes de feito: DNA. MARIA RAMONA RODEIRO PAMPIN e/r CONVENTO SAN CRISTOBAL AGUSTINAS RECOLETAS (R-3600363-B) solicita a bonificación do Icio correspondente á obra “ REPOSICION DE TELLA NA CUBERTA DO CONVENTO DE VISTA ALEGRE” con fundamento no establecido na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre



Construccións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada no art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº I.3, que establece o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalación ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar una bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución : A obra para a que se solicita a bonificación consiste na “REPOSICION DE TELLA NA CUBERTA DO CONVENTO DE VISTA ALEGRE”, motivada polas malas condición nas que se atopa dita cuberta. O Convento de Vista Alegre foi declarado monumento histórico-artístico de carácter nacional por Real Decreto 1705/1980, de 4 de xullo. No citado RD recoñécese un triple interés arqueolóxico, histórico e artístico.

Considerando o exposto, infórmase favorablemente o carácter de obra de especial interés público.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración das obras de reposición de tella na cuberta do Convento de Vista Alegre, como de especial interese, a efectos da Bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras de reposición de tella na cuberta do Convento de Vista Alegre, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E TERRAZAS NA RESIDENCIA DIVINA PASTORA. FASE 3, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DA BONIFICACIÓN DO ICIO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:



Dáse conta de informe da Sección de Rendas, do seguinte teor:

RENDAS/2023/000073

URB/2022/000171

SOLICITUDE DE BONIFICACION NO ICIO

Antecedentes de feito: D. JOSE TORRADO CASTIÑEIRAS e/r FUNDACION ASILO HOSPITALILLO SAGRADO CORAZON DE JESUS, solicita a bonificación do Icio correspondente á obra “ REHABILITACION DE FACHADAS Y TERRAZAS EN RESIDENCIA DE ANCIANOS. FASE 3 con fundamento no establecido na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada no art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº I.3, que establece o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalación ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar una bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución : A obra para a que se solicita a bonificación consiste na “ REHABILITACION DE FACHADAS Y TERRAZAS EN RESIDENCIA DE ANCIANOS”.

Considerando, a xuízo de quen suscribe, que a obra ten un marcado carácter social, INFORMASE FAVORABLEMENTE a bonificación instada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración das obras de Rehabilitación de fachadas e terrazas na Residencia Divina Pastora, Fase 3, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras de Rehabilitación de fachadas e terrazas na Residencia Divina Pastora, Fase 3, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal



7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E TERRAZAS NA RESIDENCIA DIVINA PASTORA. FASE 4, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DA BONIFICACIÓN DO ICIO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas do seguinte teor:

RENDAS/2023/000074

URB/2023/000138

SOLICITUDE DE BONIFICACION NO ICIO

Antecedentes de feito: DNA MARIA CELINA REY DIEGUEZ e/r FUNDACION RESIDENCIA DIVINA PASTORA de Vilagarcía de Arousa, solicita a bonificación do Icio correspondente á obra “ REHABILITACION DE FACHADAS Y TERRAZAS EN RESIDENCIA DE ANCIANOS. FASE 4 con fundamento no establecido na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada no art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº I.3, que establece o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalación ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar una bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución : A obra para a que se solicita a bonificación consiste na “ REHABILITACION DE FACHADAS Y TERRAZAS EN RESIDENCIA DE ANCIANOS”.

Considerando, a xuízo de quen suscribe, que a obra ten un marcado carácter social, INFORMASE FAVORABLEMENTE a bonificación instada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración das obras de Rehabilitación de fachadas e terrazas na Residencia Divina Pastora, Fase 4, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras de Rehabilitación de fachadas e terrazas na Residencia Divina Pastora, Fase 4, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.



Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non están presentadas solicitudes de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN SOBRE RESPONSA A PREGUNTAS FORMULADAS POR TÓDOLOS GRUPOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 18 de abril de 2023, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción.

Exposición de Motivos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

Durante o último pleno da corporación municipal celebrado no mes de Marzo o goberno local, negouse en primeiro lugar a permitir a comparecencia do concelleiro delegado de parques e xardíns, para explicar porque medios e traballadores municipais realizaban traballos para un negocio privado, e posteriormente tamén se negou a contestar as preguntas sobre o mesmo



tema, se isto non é suficiente para demostras a pouca transparencia do goberno local, o noso grupo ten decenas de preguntas formuladas por escrito que non foron respostadas, e continuamos esperando o informe prometido polo alcalde ao respecto da utilización de recursos públicos en empresas privadas.

O pleno da corporación municipal insta ao goberno local a:

Primeiro.- responder formalmente as decenas de preguntas que esperan resposta de todos os grupos da corporación municipal.

Segundo.- facer público na web municipal o informe que supostamente xustifica a utilización de medios e recursos públicos nun negocio de carácter privado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre resposta a preguntas formuladas por tódolos grupos da Corporación Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Concelleiro non adscrito (1) e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11),

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre resposta a preguntas formuladas por tódolos grupos da Corporación Municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A RECUPERACIÓN DA TOPONIMIA TRADICIONAL E A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA SINALIZACIÓN EN PARROQUIAS E LUGARES DE INTERESE NO RURAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de abril de 2023, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, uncionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de xaneiro de 2023 a seguinte:



Moción para a recuperación da toponimia tradicional e a implementación dun plan de mellora da sinalización en parroquias e lugares de interese no rural

EXPOÑEN

O un de marzo de 1913, é dicir hai 110 anos, facíase efectiva a orde de fusionar os concellos de Vilagarcía, Carril e Vilaxoán. Era a culminación dun proceso que comezara nos anos 80 do século XIX. Estabamos ante o nacemento da actual Vilagarcía de Arousa.

Un dos principais factores que influíu para a unión dos tres concellos era a confusión dos límites territoriais que existían. Hoxe en día, 110 anos despois, isto segue ocorrendo nalgunhas parroquias.

Os veciños e veciñas adoitan ter bastante claro o punto exacto ata onde abarca a súa zona, pero non así os foráneos, a quen resulta case imposible alcanzar algún punto concreto se non é un habitual do lugar.

A falta de sinalización agudiza este problema, xa que as que hai son moi antigas e outras, simplemente, brillan pola súa ausencia. O percorrido polo mapa de Vilagarcía pode facer as delicias de moitos e supoñer un auténtico reto para outros. Nas zonas afastadas do centro, só visualízase o nome das rúas, pero non así á parroquia que pertence. Isto converte ao noso municipio nun labirinto, que dificulta moito o tránsito e a localización de direccións.

Vilagarcía é un municipio visitado polo que consideramos necesario que, ademais das nosas parroquias e lugares, os sitios de interese estean tamén correctamente sinalizados para facilitar a súa visita e aproveitamento como reclamo turístico.

Ademais, co paso dos anos perdeuse a toponimia de lugares pequenos, moi concretos, coa gran perda que supón en patrimonio inmaterial.

Consideramos que se debe respectar e recuperar a toponimia tradicional, coñecida e utilizada pola poboación, xa que forman parte da riqueza cultural da parroquia.

Coa súa desaparición borramos parte da nosa cultura herdada dos nosos antepasados e temos a responsabilidade de preservar no futuro para manter a nosa identidade.

É máis, o 23 de outubro de 1997 publicábase no BOE a aprobación dos nomes oficiais das parroquias pertencentes a varios concellos, nos que se inclúe Vilagarcía de Arousa, e a día de hoxe moitos, desapareceron.

Non figuran en ningún núcleo de poboación, o que supón o descontento dos seus habitantes, que viron nos últimos anos como as súas rúas, prazas ou lugares históricos perderon a súa identidade.

Polo tanto, e por todo o exposto, o Grupo Popular de Vilagarcía

SOLICITA

1. Recuperación e senalización da toponimia tradicional
2. Plan de mellora, renovación e ampliación da sinalización en parroquias e sitios de interese no rural ou de valor histórico.

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de abril de 2023.

Ana Granja - Voceira do Grupo Municipal de Vilagarcía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.



En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a recuperación da toponimia tradicional e a implementación dun plan de mellora da sinalización en parroquias e lugares de interese no rural.

Dáse conta de Emenda presentada polo concelleiro do grupo político municipal do BNG de modificación do punto 1 da moción, polo seguinte texto:

1.- Plan de recuperación e sinalización da toponimia tradicional e do Patrimonio Cultural Inmaterial Oral, para que Vilagarcía de Arousa e as súas parroquias non perdan a súa rica toponimia.

Polo grupo político municipal do PP acéptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE; comprometerse á realización dun:

1.- Plan de recuperación e sinalización da toponimia tradicional e do Patrimonio Cultural Inmaterial Oral, para que Vilagarcía de Arousa e as súas parroquias non perdan a súa rica toponimia.

2. Plan de mellora, renovación e ampliación da sinalización en parroquias e sitios de interese no rural ou de valor histórico.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=12>



Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPONDA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que non son contestadas no presente Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230427&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:20, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.

